



MEMORIA 2015

Tras a finalización do 2015 e seguindo a práctica habitual dos últimos exercicios preséntase a Memoria do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Ourense correspondente ao ano 2015, que recolle os datos máis destacables do traballo desenvolvido por este órgano municipal en cumprimento das funcións que legalmente ten atribuídas.

Con ese propósito elaboráronse as seguintes estatísticas que sintetizan en cifras o labor despregado polo Tribunal e que inclúen un cadro resumen global da súa actividade, un relativo aos acordos ditados nas reclamacións económico-administrativas, unha clasificación en función das materias impugnadas e, finalmente, un indicativo da fase de xestión recadatoria das débedas obxecto das reclamacións.

CADRO I. RESUMO GLOBAL DO 2015

TOTAL EXPEDIENTES TRAMITADOS	155
RECLAMACIÓNS REXISTRADAS	102
RECLAMACIÓNS RESOLTAS	148
DICTAMENES	-
INFORMES	7
RECLAMACIÓNS PTES. RESOLUCIÓN	93
RECURSOS CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVOS	9

- As reclamacións económico-administrativas rexistradas no 2015 ascenderon a 102.
- O número total de expedientes tramitados nas dez sesións celebradas no exercicio pasado polo Pleno do Tribunal foi de 155, sumando ás reclamacións económico-administrativas resoltas (147), unha solicitude de suspensión de execución de débeda, e os informes evacuados a petición da Recadación Municipal consecuencia de procedementos concursais (7). Neste punto destacar, en canto ao tempo de tramitación das reclamacións, que se cumpriu para o conxunto das presentadas no 2014 o prazo legal dun ano de resolución das mesmas.
- Non se emitiu ningún ditame sobre proxectos de modificación de ordenanzas fiscais ao non producirse variación algunha no 2015 para os tributos locais esixidos polo Concello de Ourense.
- As reclamacións resoltas recollidas no cadro I, incorporan as tramitadas ata o mes de decembro de 2015, e correspóndense coas presentadas nos exercicios 2013, 2014 e 2015 segundo o seguinte detalle:

2013	2014	2015	TOTAL RESOLTAS
21	118	9	148

CADRO II. RECLAMACIÓNS ECONÓMICO-ADMINISTRATIVAS

	TOTAL RECLAMACIÓNS	%
ESTIMACION TOTAL	40	27
ESTIMACION PARCIAL	4	2,7
DESESTIMACION	90	60,8
ARQUIVO SATISFACCION EXTRAPROCESUAL	1	0,7
INADMISIBILIDADE	13	8,8

- A terminación das reclamacións mediante arquivo de actuacións por satisfacción extraprocesual refírese a unha liquidación practicada pola taxa de vaos na que se produce a súa anulación antes da resolución da reclamación.
- As resolucións de inadmisibilidade, prodúcense na súa maioría como consecuencia da presentación fóra de prazo das reclamacións (10), e en moita menor medida, por falta de representación do reclamante (1), ou de competencia do Tribunal (2).

CADRO III. CLASIFICACIÓN POR MATERIAS

	TOTAL RECLAMACIONES	%
IBI	33	21,8
IVTM	27	17,9
IIVTNU	20	13,2
IAE	-	-
ICIO	1	0,7
TASAS	20	13,2
SANCIÓNS TRIBUTARIAS	6	4
SANCIÓNS TRÁFICO	42	27,9
OUTROS	2	1,3

- Do cadro III despréndese que as reclamacións resoltas corresponden principalmente a liquidacións tributarias por IBI, IVTM, IIVTNU, así como a sancións en materia de tráfico.
- No concepto taxas inclúense reclamacións referidas a ingresos tributarios pola ocupación do dominio público local, basicamente instalación de valos e vaos, e en menor medida taxas polo servizo de extinción de incendios, licenzas urbanísticas e recollida de lixos.
- O apartado OUTROS se refire á incautación da garantía definitiva nun contrato de obras e a unha liquidación por gastos de demolición de edificio.

CADRO IV. CLASIFICACIÓN SEGUNDO FASE RECADATORIA

	TOTAL RECLAMACIÓNS	%
PERIODO VOLUNTARIO	64	43,2
PERIODO EXECUTIVO	84	56,7

O PRESIDENTE DO TRIBUNAL

Luis María Bermúdez de la Puente Villalba